

I CONCURSO LITERARIO *IES XULIÁN MAGARIÑOS*

Os departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega e a Biblioteca do IES Xulián Magariños convocan un **CONCURSO DE RELATOS** para todo o alumnado.

As bases polas que se rexerá o concurso son as seguintes:

1. **O tema será de libre elección**, e o relato presentado ha de ser orixinal, rigorosamente inédito e non ter sido premiado en ningún concurso literario.
2. **A lingua utilizada poderá ser o castelán ou o galego.**
3. A extensión mínima será de dúas caras, e a máxima, de seis.
4. Os orixinais presentaranse en folios mecanografados, con interlineado dobre e tamaño de letra 12.
5. Admitirase un máximo de dous traballos por cada participante.
6. Para garantir o anonimato, nos textos non deberán aparecer datos persoais nin firma, só un título e un pseudónimo. Deixaranse na conserxería nun sobre pechado sen ningunha marca externa. Dentro incluírase outro sobre, pechado igualmente, no que figure por fóra o pseudónimo e o título, e que teña dentro unha nota na que aparezan os datos do participante (nome, apelidos e curso).
7. **A data límite de presentación é o 16 de abril de 2020.**
8. O xurado estará constituído polos membros do Departamento de Lingua Castelá e Literatura e Lingua Galega e Literatura. O seu fallo será inapelable.
9. **A entrega de premios efectuarase o 23 de abril de 2020**, Día Internacional do Libro.
10. Haberá un premio para cada unha das seguintes categorías.

Primeiro ciclo de ESO: 75 euros, máis o agasallo dun libro.

Segundo ciclo de ESO e FP básica: 75 euros, máis o agasallo dun libro.

Bacharelato e Ciclos Formativos: 75 euros, máis o agasallo dun libro.
11. Os relatos gañadores serán publicados na revista do IES sempre que sexa posible.
12. A participación neste concurso implica a plena aceptación das bases.

Negreira, 18 de febreiro de 2020